

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 17 de agosto de 2021 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2019/20, convocados pola Orde do 18 de marzo de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 67, do 12 de abril).

A Orde do 18 de marzo de 2021 (DOG núm. 67, do 12 de abril), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2019/20, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións provisionais obtidas polas persoas candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección e a proposta do secretario xeral de Educación e Formación Profesional sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2019/20 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por delegación de competencia establecida na Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021; DOG núm. 31, do 16 de febreiro)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade





ANEXO

Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2019/20

Nº de inscrición	Apelidos e nome	Familia profesional	Cód. do centro	Centro educativo	Importe
216000214	Santos Bacelar, Francisco Javier	Actividades Físicas e Deportivas	36000922	IES María Soliño	850 €
2178000124	Rodríguez Tato, Javier	Administración e Xestión	32001725	IES Lauro Olmo	850 €
2162000121	Canto Lastra, Miguel	Agraria	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	850 €
2178000055	Gómez Díaz, Lorena	Artes Gráficas	15021469	CIFP Leixa	850 €
2188000242	García Rodríguez, Sandra	Comercio e Márketing	36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro	850 €
2170000091	Blanco Gens, Cristina	Edificación e Obra Civil	15027058	IES As Fontiñas	850 €
2162000020	Quiroga Blanco, David	Electricidade e Electrónica	36017430	IES Ricardo Mella	850 €
2195000126	Hermida Fernández, Enrique	Fabricación Mecánica	15006754	CIFP Ferrolterra	850 €
2177000240	García Golmar, Iria	Hostalaría e Turismo	27007259	IES Río Cabe	850 €
2184000083	Robles Suárez, Rubén	Imaxe e Son	15027800	CIFP Imaxe e Son	850 €
2179000094	Blanco Álvarez, Marta	Imaxe Persoal	32009116	IES 12 de Outubro	850 €
2198000128	Fonseca Planet, Laia	Industrias Alimentarias	36000481	IES Ramón Cabanillas	850 €
2110000108	Mella Albertino, Alejandro	Informática e Comunicacóns	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
2171000330	Pernas Fernández, Noel	Instalación e Mantemento	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	850 €
2159000101	Fernández Ocampo, Laura	Madeira, Moble e Cortiza	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	850 €
2135000223	Oubiña Bea, Lucía	Marítimo-Pesqueira	36020209	IGafa Inst. Galego de F. en Acuicultura	850 €
2157000254	Andón Rodríguez, Mariña	Química	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	850 €
2105000012	Muíño Rey, Minia	Sanidade	15032364	CPR Fesán	850 €
2105000053	Gundín González, Genoveva	Servizos Socioculturais e á Comunidade	15032169	CPR Tomás Barros	850 €
2156000307	Veiga da Rocha, Aroa	Téxtil, Confección e Pel	36013448	CIFP Manuel Antonio	850 €
2151000293	López Gómez, Lorena	Transporte e Mantemento de Vehículos	15006754	CIFP Ferrolterra	850 €

